

QUE FACER SE SOA A ALARMA DO DETECTOR?



Comprobe que se trata dun lume real e non dunha falsa alarma

QUE FACER SE HAI UN LUME?



Se o lume é pequeno e non hai risco, pódese intentar apagar cun extintor

QUE FACER SE NON SE PODE APAGAR?

112



Avise a todas as persoas que estean na vivenda para fuxir

Pechе todas as portas onde estea o lume

Saia da vivenda sen recoller nada, pechando as portas tras de si, e sen volver entrar

Chame os bombeiros desde fóra da casa e agárdeos coas chaves da vivenda



**CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO
CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

**CONSELLOS SOBRE OS DETECTORES
DE INCENDIOS NO FOGAR**

**PROTEXA O
SEU FOGAR**




CONSELLOS SOBRE OS DETECTORES DE INCENDIOS NO FOGAR



Os incendios cun maior número de mortes ocorren durante a noite mentres durmimos. Estas poderíanse evitar se se instalasen detectores de incendios

ONDE DEBEN COLOCARSE?



Na zona onde máis risco de incendio exista: no salón, na cociña e nos dormitorios. Colocarase no teito, lonxe das esquinas e a máis de 15 cm da parede máis próxima ou dunha parede a máis de 10 cm e menos de 30 cm

CANDO SE CAMBIA A BATERÍA?




Recoméndase que se cambie unha vez ao ano, pero se emite un pequeno *bip* estará indicando que ten pouca batería

QUE SON? PARA QUE SERVEN?




Son pequenos aparellos que detectan o incendio e alertan cun sinal sonoro moi forte. Nun incendio nocturno espertante. É o mellor sistema de protección mentres dormes

CANTOS DETECTORES PRECISO?




Se os dormitorios están na mesma zona, chega con ter un detector no corredor, preto dos cuartos; no caso contrario, un en cada dormitorio. Se o corredor ten máis de 10 m serán necesarios dous detectores. Un detector por planta

PRECAUCIÓNS



Non os coloque preto de onde haxa moito vapor ou fume (baños, preto das cociñas, garaxes sen ventilar, canalizacións, condutos de ventilación)

COMO INSTALALOS?



Pódense instalar facilmente cun desaparafusador e dous parafusos ou cunha cinta de dobre cara ou velcro de agarre resistente

PRECISA MANTEMENTO?



O detector ten un botón de comprobación de funcionamento. Cando se pulsa soa a alarma (unha vez ao mes). Unha vez ao ano débese aspirar. Non pintar na súa superficie

ONDE MERCAR E QUE ESIXIR?



En centros comerciais, tendas de bricolaxe, de material eléctrico e ferraxerías. Para asegurar o bo funcionamento esixírase que dispoña da marca CE